## DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXP. Nº: 2025/G005/000044

**EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **5 de novembro de 2025**, **ás 10.00 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

### ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

#### LICENZAS

1. RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O DECRETO NÚMERO 5473/2025 NO QUE SE ACORDOU A NON CONCESIÓN DA LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCIÓN DUN ALMACÉN AGRÍCOLA E APEIROS DE LABRANZA NO LUGAR DE CANEDO DE ABAIXO, PARROQUIA DO BURGO, LUGO (2024/Y001/000047-2025/P014/000074).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA AGRUPACIÓN DAS PARCELAS CON REFERENCIAS CATASTRAIS 7169043PH1676N0001BL, 7169022PH1676N0002QB E 7169023PH1676N0001OL E REFORMA INTERIOR DE NAVES INDUSTRIAIS CON LICENZAS URBANÍSTICAS, 282/2015, 787/2005 E 943/05 PARA ALMACÉN DE EMPRESA DE DISTRIBUCIÓN DE PRODUTOS DE PERFUMERÍA, COSMÉTICA E DROGUERÍA, SITAS NA RÚA DA INDUSTRIA, 96, E RÚA DA TERRA, 94 E 95 (Exp. 2025/Y001/000643).

#### PLANEAMENTO

3. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA, POLO PROCEDEMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA, DOS PREDIOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SUD S-16.R, QUE PERTENCEN AOS PROPIETARIOS NON INCORPORADOS Á XUNTA DE COMPENSACIÓN.

#### CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE IMPRENTA. CONTRATO RESERVADO A CENTROS ESPECIAS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS DE INSERCIÓN. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-11-03 14:34:41.00)
CVD: bExC9B6GA94ULGlqpSJ+
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.
Nº de decreto/resolución: 10260/2025

PARTICULARES, O GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, EXP. REF. 2025/C004/000037.

5. CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE APERTURA E ATENCIÓN AO PÚBLICO DA SALA EXPOSITIVA ESPAZO MEMORIA VIVA DO CEMITERIO DE SAN FROILÁN. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO, A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025/C003/000045.

6. CONTRATACIÓN DE PATROCINIO PUBLICITARIO CO CLUB DEPORTIVO LUGO, S.A.D., PARA OS ANOS 2025, 2026 E 2027. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, EXP. REF. 2025/C005/000008.

7. CONTRATACIÓN DUNHA REPRESENTACIÓN DA OBRA DE TEATRO “1936” DENTRO DA PROGRAMACIÓN DO AUDITORIO FUXAN OS VENTOS. APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN, EXP. REF. 2025/C005/000013.

8. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PÉLETS PARA O SILO DO EDIFICIO MUNICIPAL IMPULSO VERDE. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000035.

9. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO, EXP. REF. 2023/C003/000031. AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO.

10. CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN E DESINSTALACIÓN DE CASETAS, DINAMIZACIÓN E DECORACIÓN DO MERCADO DE NADAL “NADALMENTE LUCENSE”, EXP. REF. 2025/C004/000031. DECLARACIÓN DE DESERTO.

11. CONTRATACIÓN-MEDIANTE LOTES-DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN EN XERAL (LOTE 1) E ALIMENTOS FRESCOS (HORTALIZAS, VEXETAIS, VERDURAS E FROITA) LOTE 2 NO FOGAR DO TRANSEÚNTE. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN ABERTO, EXP. REF. 2025/C004/000041.

**ÁREA DE GOBERNO DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**

**MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS**

12. REDE DE CIDADES QUE CAMIÑAN: RATIFICACIÓN DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE LUGO.

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

**ROGOS E PREGUNTAS**

O que se lles comunicará aos membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ao interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ao disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

***Asinado dixitalmente á marxe polo Excmo. Sr. alcalde presidente, don Miguel Fernández Méndez.***